



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

## ANEXO II OBRIGAS ADQUIRIDOS POLO/A PERSOA SOLICITANTE

A persoa abaixo asinante reconece estar informada das obrigas das persoas perceptoras das axudas de emerxencia social, segundo o artigo 16 das bases reguladoras municipais do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social. As obrigas son as seguintes:

- Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foi outorgado.
- Permitirlles e facilitarlles o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente reconecidos.
- Cumprir as condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.
- Escolarizar os menores ao seu cargo que se atoparen en idade escolar obrigatoria.
- Incluírse, si o departamento o ve recomendable, no programa de Educación Familiar.
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade (sempre e cando o importe recibido supere o gasto para o que se solicita a axuda)
- Comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica, cambio de domicilio, ou circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.

Como posible persoa beneficiaria das axudas de emerxencia social, comprométome a cumprilas, e asino o presente documento como proba nese sentido.

RECIBIDO E INFORMADO/A

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

A persoa beneficiaria ou representante legal

Asdo.